



))))))) **Wi-Fi nas aulas? Internet mellor por cable**

A **Federación Ecoloxista Galega** ven de iniciar unha campaña: **Wi-Fi nas aulas? Internet mellor por cable**, co envío dun [dossier](#) informativo aos centros de ensino, asociacións de pais e nais e as seccións sindicais de ensino, solicitando así mesmo unha entrevista na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ante a obriga no actual curso académico de conexión a internet por vía Wi-Fi, nas aulas de 5º de Primaria e 1º da ESO seleccionadas, na implantación do Proxecto Abalar da Xunta de Galicia que inclúe o Plan estatal Escola 2.0.

Consideramos que a conexión sen fíos a internet por Wi-Fi nas aulas obvia o “Principio de Precaución” proposto polo Parlamento Europeo na súa Resolución de 2 de Abril de 2009:

A nosa inquedanza son as **consecuencias potenciais para a saúde do alumnado e do persoal docente e auxiliar na conexión sen fíos a internet, nunha exposición de cotío á contaminación electromagnética das radiacións de microondas ao longo da xornada lectiva no curso escolar, cos consecuentes efectos acumulativos.** Emisións electromagnéticas que **Resolucións do Parlamento Europeo no 2008 e 2009 chaman a limitar** (considerando os estándares actuais “obsoletos”) e **minimizar valorando as “opcións tecnolóxicas dispoñíbeis e eficaces”,** especialmente en grupos de risco como a infancia e a mocidade. Estas resolucións están baseadas no **Informe Bioinitive, apoiado pola Axencia Europea de Medio Ambiente, que no 2007 demanda desinstalar o Wi-Fi dos espazos de ensino, garderías, bibliotecas, de lecer**

Apostamos pola conexión a Internet mediante cableado de cobre ou fibra óptica: non exporía de cotío á contaminación electromagnética, proporcionando mellor cobertura e velocidade e sen os problemas de interferencias e seguridade da información propias do Wi-Fi.

Propoñemos declarar os **centros de ensino coma “zonas brancas” libres de contaminación electromagnética: Primando o cableado no canto de Wi-Fi¹, co recinto escolar libre de móbiles en menores de 14 anos², promovendo campañas de uso razoable do teléfono móbil³. ...**

A FEG tamén solicita o coñecemento público do punto no que se atopa o despregamento de sistemas Wi-Fi no Proxecto Abalar, así como dos sistemas de medición de emisións e avaliación da evolución sanitaria e académica da comunidade escolar deseñados para cada centro que manteña o sistema de conexión a Internet por Wi-Fi.

Comisión Permanente da Federación Ecoloxista Galega

Compostela, 24 de xaneiro de 2011

- 1.- Xa recomendado en Alemaña pola súa *Oficina Federal para a Protección contra as Radiacións* e o propio Ministerio de Medio Ambiente
- 2.- Xa aprobado en Francia no 2010
- 3.- Na liña marcada pola Resolución do Parlamento Europeo do 2009